

Día das letras galegas

*Eladio
Rodríguez González*



• O Día das Letras Galegas adícase esta ano á figura e á obra do ourensán Eladio Rodríguez González (1864-1949), poeta, lexicógrafo, xornalista e home comprometido activamente con Galicia dende tódolos eidos culturais •

A oración dun poeta afincado na terra



“Loubado seña Deus, porque me permitiu nacer, medrar, facerme home e agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia... Loubado sexa Deus por terme dado o don da fala nosa... Tamén teño que dar grazas a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vós... Se de min algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, podería dicir a miña lápida: Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis”.

Estas verbas non son de Eladio Rodríguez, senón de Alvaro Cunqueiro, un home fondamente crente-cristián, ademais dun galego egrexio ao que lle debe moito a cultura deste país. Cunqueiro foi un grandísimo creador que tiña a maxia das palabras e das historias, pero tamén un creador e mesmo un rezador, como el mesmo ten confesado. En efecto, a pesar do demodé que soe hoxe para moitos, parece que Cunqueiro foi un home de oración: “Eu son un gran creador... creo sobre

Victorino Pérez

todo no enorme poder da oración. Creo que cando un home reza, convoca forzas das que non temos nin idea. Non hai home máis feliz, nin máis dono do mundo e de si mesmo que o home que humildemente se axeonlla e reza. Eu son un rezador.” (Entrevista en Vida Nueva nº1258, Madrid 1980).

Como Cunqueiro, Eladio Rodríguez foi tamén unha persoa de fondas crenzas relixiosas cristiás, que valoraba a oración de maneira sobranceira, ata o punto de poñerlle ao máis importante dos seus libros de poemas un expresivo título: Oracións campesiñas. Como Cunqueiro, Eladio Rodríguez rezaba escoitando o merlo, o vento, o río, a fonte, os piñeiros e os carballos.

A poesía de Eladio Rodríguez posúe un “misticismo da terra”, como recoñece nun dos seus poemas, e como escribiu hai máis de catro décadas o seu fillo Julio Rodríguez, no Boletín da Real Academia Galega (“Eladio Rodríguez González, místico de la tierra”, 1956).

“Quero sentir fortemente o misticismo da Terra: os misticismo dos campos

i-o misticismo das veigas: o culto inmortal da Nai Natureza; a veneración a todo...” (“Misticismo”, en “Oracións campesiñas”).

Eladio vía a Deus na realidade da súa terra, e amaba fondamente o agro galego, cun certo sentimento panteísta que semella divinizar a natureza. Pero, este presunto panteísmo é máis ben un franciscanismo; por iso, a súa poesía, simultaneamente co vencellamento á terra, reflexa a realidade dunha persoa asentada firmemente na fe cristiá: no Deus Pai, en Xesús Cristo e na tradición da Igrexa. Mesmo, na poesía de Eladio Rodríguez aparece claramente a fe dun home que rexeita enerxicamente a superstición (“Meigallos”), unha realidade que neste ilustrado século XXI semella querer ocupar o lugar dunha relixión que respecta a transcendencia de Deus.

A crenza cristiá de Eladio Rodríguez queda reflectida, sobre todo, en moitos poemas de “Oracións campesiñas”. Desde o que abre o poemario, que leva o mesmo título do libro, ata outros como “Rezos”, “A hora mística”, “O pan noso”, “Ben de Dios”, “O santo tempo”, “Oración sen nome”, “Sant-Iago”, etc. ou o último co que remata a obra, “A oración santa”.

Eladio Rodríguez, como Francisco de Asís e outros poetas galegos (Noriega Varela, “poeta da montaña”, ou Iglesia Alvariño), reza co arrecendo das chorimas, os toxos, as xestas as queirogas e “o vento toleirán nos pinos”; pero tamén co fume das lareiras (“as casupas humildes das aldeas”) e co suor do traballo labrego.

Marcado por un claro ruralismo, tan presente na literatura do Rexurdimento e nos homes da xeración Nós, para el o labrego é o ser humano máis cabal, e o traballo do campo o máis auténtico e excelso.

“Inda que en cada fábrica hai un tempo de progresos e de adiantos... Eu quero máis o traballo sinxelo e humilde dos noso campos, porque nel vexo tanto de litúrxico e de santo, que me parece que un rezo se escorrega mansiño polos agros”. (“A

“Quixera que os meus versos entrasen nas casupas humildes das aldeas...”

“Quixera que os meus versos entrasen nas casupas humildes das aldeas a esa hora sagra das reunións nouturnas en que a cociña é un templo (...) i alí, ó pé da lareira, ó amor do lume (...) visen cómo a familia, toda xunta reza o santo rosario e roga polas almas xa difuntas e polos nenos orfos e polos desherdados da fortuna e pide a Dios o pan de cada día/en patriarcales súplicas... (...) Quixera que os meus versos chegasen ás conciencias máis escuras e despertasen nelas as voluntades murchas (...)”

oración santa”).

Pero Eladio Rodríguez ve tamén no labrego ao ser desvalido, asoballado polos poderosos, e sente unha fonda compaixón pola pobreza e o desamparo que padece a cotío. Para el, os cruceiros son, simultaneamente, “símbolos dos misterios dalá enriba” e “testigos das miserias da cá en baixo”, as vidas labregas “escravas do traballo” (“As almas mudas”).

Uns versos doutro fermoso poema poden poñer un magnífico colofón a estas reflexións verbo dun home que semella practicaba algo tan fundamental na fe de calquera relixión como é a oración, que está no miolo da vida do crente, pois, como escribiu alguén: “Ter fe e non orar é unha forma de non ter fe; a fe sen obras é unha fe morta, a fe sen oración tamén” (F.F. Fernández Ramos).

“Unha lonxana cantiga no silencio de paz da bocanoite, sonando coma un rezo que po-los campos i-os picoutos corre... Uns ecos manseliños de badaladas dunha igrexa pobre, que anuncian a oración místicamente, polos vales e os montes”. (“Oración sin nome”).



Comprometidos coa nosa cultura